



CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MAR E A ASOCIACIÓN GALEGA DE CARPINTERÍA DE RIBEIRA (AGALCARI) POLO QUE SE DE REGULAN AS CONDICIÓN NAS QUE SE LLE CONCEDE UNHA SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NA VIXENTE LEI DE ORZAMENTOS DA NOSA COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA A REALIZACIÓN, DURANTE O ANO 2016, DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E FOMENTO DA CARPINTERÍA DE RIBEIRA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar,
DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar ten previsto formalizar coa Asociación galega de carpintería de ribeira (AGALCARI) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abranque dende a entrada en vigor ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: o financiamento do desenvolvemento de actividades de dinamización e fomento da carpintería de ribeira no ano 2016

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1. Que no estado de gastos da Lei de orzamentos deste exercicio figura unha subvención nominativa á Asociación galega de carpintería de ribeira (AGALCARI), por importe de 28.000,00 €, (proxecto 2015 00595), que ten por obxecto contribuír ao financiamento das actividades da entidade no ámbito que lle é propio.

2.- Que consonte ao establecido no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e o 36 a) do Regulamento desta Lei, procede establecer un acordo de colaboración entre ámbalas dúas entidades para a súa realización

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Pesqueiro

Edificio Administrativo San Caetano
15771 Santiago de Compostela
Tfnos. 981 544 038
Fax: 981 544037

galicia

Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 22 de abril de 2016.

